



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA
PARA ACTUACIÓNS NOS CENTROS E UNIDADES DE TRANSFERENCIA
TECNOLÓXICA E NO CAMPUS INDUSTRIAL DE FERROL**

Santiago de Compostela, 1 de agosto de 2016.

COMPARECEN

Dunha parte, o Sr. Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (en diante CONSELLERÍA), nomeado mediante o Decreto 15/2015, do 9 de febreiro (DOG núm. 27, do 10 de febreiro), de acordo co disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e no acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado pola Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991 (DOG núm. 82, do 30 de abril).

Doutra parte, o Sr. Julio E. Abalde Alonso, reitor magnífico da Universidade da Coruña (en adiante UDC), en representación desta, en virtude das facultades que lle confire o artigo 20.1 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que teñen conferidas e

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que a UDC é unha institución pública (constituída polos campus da Coruña e de Ferrol) dotada de personalidade xurídica e patrimonio propio, que disfruta de autonomía, de acordo coa Constitución e coa Lei e a que corresponde, no ámbito das súas competencias, o servizo público da educación superior, mediante a investigación, a docencia e o estudo. A Universidade potenciará o desenvolvemento harmónico dos seus campus.

A investigación, fundamento da docencia, medio para o progreso da comunidade e soporte da transferencia social do coñecemento, constitúe unha función esencial da UDC, de acordo cos



seus estatutos, aprobados polo Decreto 101/2004, de 13 de maio (DOG de 26 de maio) e modificados polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro (DOG de 17 de outubro).

A investigación na UDC realizarase preferentemente en grupos de investigación recoñecidos, nos seus departamentos e institutos universitarios, así como en todos aqueles centros de finalidade fundamentalmente investigadora que a Universidade cree en uso da súa autonomía. A Universidade, mediante as medidas organizativas, de orzamento e de contratación que sexan precisas, asegurará e fomentará a realización da actividade investigadora.

Os grupos de investigación recoñecidos pola UDC, os departamentos e os institutos universitarios de investigación, e o seu profesorado, a través destes ou dos órganos, centros, fundacións ou estruturas organizativas similares dedicados á canalización das iniciativas investigadoras do profesorado e á transferencia dos resultados da investigación, poderán celebrar contratos ou convenios con persoas, universidades ou entidades públicas e privadas para a realización de traballos de carácter científico, técnico ou artístico, así como para o desenvolvemento de ensinos de especialización ou actividades específicas de formación.

SEGUNDO.- A UDC pretende mellorar de xeito moi notable os resultados de transferencia de investigación e da tecnoloxía á sociedade. Para iso, é necesario acometer diversas actuacións nos diferentes centros e unidades de transferencia de tecnolóxica. Se pretende que estes centros sexan referentes no Sistema universitario Galego e a nivel nacional.

Os centros e unidades de transferencia tecnolóxica que precisan de melloras son:

- Centro de Investigación Tecnolóxica de Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC).
- Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA).
- Edificio de servizos centrais de investigación - Servizos de apoio á investigación (ESCI - SAI).
- Centro de Investigación das Tecnoloxías de Información e Comunicación (CITIC).
- Campus Center (é unha unidade que está planificada; pero, parada, pendente de que se liquide a primeira fase e se avalíe de novo a súa implantación).

TERCEIRO.- Con data do 16 de novembro de 2015 formalizouse un convenio de colaboración entre a CONSELLERÍA e a UDC co obxecto de establecer as condicións para cofinanciar con 900.000,00 € as obras que a universidade estaba a executar para a ampliación do CITEEC no Campus da Coruña.

O CITEEC é un instituto universitario de investigación da UDC cun mecanismo xestor administrativo de fundación sen ánimo de lucro, especializado nas principais áreas experimentais da construción e a enxeñaría civil, dedicado á investigación básica, á investigación aplicada e á prestación de servizos. Está estruturado en laboratorios e grupos de investigación.



Para o axeitado funcionamento do CITEEC precísase abordar o remate da obra de ampliación e reforma, incluídos incrementos de medición e liquidación, así como a dirección de obra, seguridade e saúde. Tamén se mellorarán diversas zonas do edificio con eliminación, redistribución e adición de novos espazos que, con diferente intensidade, afectan a distintas dependencias (principalmente, laboratorios).

CUARTO.- No CICA débense acometer actuacións de adaptación e adecuación de espazos, así como de mellora e acondicionamento das instalacións. Con estas intervencións o centro incrementa notablemente a infraestrutura para desenvolver reunións científicas, xornadas, seminarios, symposiums ou congresos. O acondicionamento destas instalacións vai permitir celebrar diferentes eventos que favorecerán a relación e a transmisión de coñecementos ás empresas, asociacións ou institucións.

No CITIC preténdese mellorar a súa capacidade de transferencia aos diferentes sectores e potenciar as áreas de innovación e tecnoloxía, incrementando a relación con empresas galegas que se están a converter en referente no eido das novas tecnoloxías en Galicia. Para iso están previstas actuacións de adecuación e acondicionamento de instalacións e dependencias (singularmente, distribuír espazos e equipalos, así como insonorizar e climatizar zonas de traballo).

Co equipamento do ESCI - SAI preténdese ampliar a oferta de servizos relacionados coa análise da auga, a microscopía, a bioloxía molecular, a cromatografía, ... Para iso é preciso dotar de materiais de alta tecnoloxía aos laboratorios (crioxénicos, kits de ADN, columnas de cromatografía, lotes de diversas marcas e estándares de laboratorio e outro equipamento menor) e desenvolver a posta a punto do equipamento científico.

QUINTO.- Que tamén se considera necesario actuacións conxuntas no CITEEC, CITIC e CICA para a mellora e acondicionamento da envolvente exterior, condicións interiores e contorna inmediata dos centros (cubertas, acondicionamentos térmicos e acústicos, fachadas e solos). Paralelamente neses tres centros e no ESCI - SAI hai que promover a actividade investigadora mediante a realización de estadias de investigación, o financiamento de grupos de investigación e a contratación de persoal de apoio.

Por último, co obxectivo de finalizar o expediente de obra do Campus Center é preciso liquidar as actuacións recollidas nas certificacións de obra.

SEXTO.- Que Europa 2020 é a estratexia de crecemento da Unión Europea para facer fronte á crise e acadar unha economía intelixente, sustentable e integradora que goce de altos niveis de emprego, de produtividade e de cohesión social. Esta estratexia considera que o apoio á investigación e á innovación terá que desenvolverse ao redor da excelencia científica, as industrias competitivas e unha mellor sociedade.



No Marco Estratéxico Común 2014-2020 a Comisión Europea considera a innovación como un dos obxectivos temáticos aos que se destinarán os fondos comunitarios no período 2014-2020. O investimento público orientarase ao que se denomina “concentración temática”, cunha política aplicada a prioridades moi concretas que favorezan o crecemento, a adecuación dos fondos ás propostas das rexións onde se apliquen, seguindo unha estratexia de gasto baseada nas súas propias necesidades e retos do seu desenvolvemento.

A sintonía das liñas directoras do Campus Industrial de Ferrol coas ditas estratexia facilitará á UDC a obtención do financiamento europeo e o establecer alianzas coas empresas, para acadar unha maior excelencia científica, con máis eficacia, que active o potencial económico e xere emprego.

O 15 de xuño de 2015 asinouse un convenio de colaboración entre a CONSELLERÍA e a UDC para elaborar o Plan estratéxico e o programa de necesidades funcionais do Campus Industrial de Ferrol. Baixo este marco de colaboración a UDC elaborou o Plan estratéxico do Campus Industrial de Ferrol para o período 2016-2020, articulado a través de 15 obxectivos operativos e un total de 34 medidas de actuación.

Para a implementación das diferentes medidas do plan estratéxico ao longo do período 2016-2020 están previstos unha serie de criterios como a relevancia específica da medida, as metas dos indicadores establecidos, a interdependencia das medidas e o impacto a curto/medio prazo.

Atendendo aos criterios de priorización temporal, no bienio 2016-2017 considerase necesario implementar medidas que melloren o posicionamento e internalización do Campus, que posibiliten a xestión eficiente, que reforcen a relación co sector industrial e que materialicen infraestruturas para unha mellor organización.

SETIMO.- Que a Secretaría Xeral de Universidades, de acordo coas competencias que lle outorgou o Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, de estrutura orgánica da CONSELLERÍA, debe velar pola promoción e xestión eficiente e integrada dos recursos e capacidades de investigación do Sistema universitario de Galicia (SUG) para a súa vertebración e posta en valor no marco do Sistema de innovación. Entre estas competencias está a promoción da coordinación das universidades galegas no establecemento de programas, infraestruturas e actuacións en materia de investigación.

OITAVO.- Que o Plan galego de investigación, innovación e crecemento asume no eixo estratéxico 4 (Valorización do coñecemento), na liña de actuación 1.4 (captación de talento investigador de prestixio internacional) que Galicia ten que impoñerse como obxectivo incrementar o seu peso no panorama internacional da ciencia e a tecnoloxía. Para iso débese poñer en valor as capacidades científico - tecnolóxicas actuais e futuras, co obxecto de facelas cada vez máis atractivas ao colectivo científico internacional, afeito á mobilidade en base á



calidade dos proxectos científicos ofertados. Neste sentido, con esta actuación tamén se pretende captar investigadores/as internacionais capaces de liderar proxectos de alto impacto nos centros tecnolóxicos e centros de investigación do Sistema galego de innovación.

Polo exposto, as partes abaixo asinantes acordan subscribir o presente convenio, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto do convenio e finalidade

O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración da CONSELLERÍA coa UDC para cofinanciar actuacións nos centros e unidades de transferencia tecnolóxica e no Campus Industrial de Ferrol. O orzamento da actuación ascenderá a 3.090.000,00 €, cos seguintes conceptos:

ACTUACIÓNS EN CENTROS TRANSFERENCIA E CAMPUS INDUSTRIAL		IMPORTES AXUDA ((IVE incluído)		
CENTRO	CONCEPTO	2016	2017	TOTAL
CITEEC	Finalización da obra de ampliación e reforma, incluídos incrementos de medición e liquidación. Dirección da obra, seguridade e saúde	825.416,00 €	0,00 €	825.416,00 €
CICA	Adaptación e acondicionamento de espazos e mellora de instalacións	103.803,00 €	0,00 €	103.803,00 €
ESCI - SAI	Equipamento: crioxénicos, kits de ADN, columnas de cromatografía e outro equipamento menor	260.773,00 €	0,00 €	260.773,00 €
ESCI - SAI	Posta a punto de equipamento científico e tecnolóxico, pezas de reposto e equipamento menor para laboratorios	265.792,00 €	0,00 €	265.792,00 €
CITIC	Adaptación e acondicionamento de espazos e mellora de instalacións	21.2016,00 €	0,00 €	21.2016,00 €
CITEEC/CITIC/ CICA	Actuacións de mellora da envolvente exterior dos centros	60.743,00 €	0,00 €	60.743,00 €
CAMPUS CENTER	Remate das obras	54.744,00 €	0,00 €	54.744,00 €
Reforzo da investigación	Promoción da actividade investigadora en diferentes centros (acción transversal de apoio)	127.523,00	0,00 €	127.523,00
SUBTOTAL ACTUACIÓNS CENTROS TRANSFERENCIA TECNOLÓXICA		1.720.000,00 €	0,00 €	1.720.000,00 €
CAMPUS INDUSTRIAL DE FERROL	Oficina do Campus (xestión eficiente e recursos humanos, reforzo da relación co sector industrial, mellora infraestruturas, ...)	401.315,00 €	394.099,00 €	795.414,00 €
	Plan de Mercadotecnia e proxección exterior (posicionamento e internalización do Campus)	60.000,00 €	60.000,00 €	120.000,00 €
	Elementos urbanísticos do Campus (mellora das infraestruturas e optimización enerxética)	61.350,00 €	0,00 €	61.350,00 €
	Potenciación da relación co sector industrial	16.800,00 €	0,00 €	16.800,00 €
	Equipamento tecnolóxico e mellora das infraestruturas (na Escola Politécnica, na Escola Universitaria de Deseño Industrial, en Enfermería e Podoloxía, en Ciencias do Traballo e na Casa do Patín).	260.535,00 €	115.901,00 €	376.436,00 €
SUBTOTAL ACTUACIÓNS NO CAMPUS INDUSTRIAL DE FERROL		800.000,00 €	570.000,00 €	1.370.000,00 €
TOTAL ACTUACIÓNS CONVENIO		2.520.000,00 €	570.000,00 €	3.090.000,00 €



SEGUNDA.- Contía da axuda

A dotación da CONSELLERÍA para este convenio é de tres millóns noventa mil euros (3.090.000,00 €), nas anualidades de 2016 e 2017 e con cargo ao Plan galego de financiamento universitario 2016-2020 (aprobado polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 29 de outubro de 2015, DOG número 221, do 19 de novembro), aplicación orzamentaria 10.40.561B.744.0 (2016 00129).

Esta cantidade de 3.090.000,00 € trátase dun importe certo, e queda por conta da UDC a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado o financiamento público no caso e polo importe que supere o custo total e real da actividade, segundo o establecido no artigo 21.2 do regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. A axuda é compatible con outras concedidas para o mesmo fin, pero en ningún caso, o importe da subvención achegada pola CONSELLERÍA poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións, supere o custo da actividade subvencionada.

De acordo co disposto na comunicación da comisión sobre o Marco de axudas estatais de investigación e desenvolvemento e innovación (2014/C 198/01), publicado no Diario Oficial da Unión Europea do 27 de xuño de 2014, a subvención prevista neste convenio non constitúe axuda de Estado nos termos do artigo 107 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ao tratarse de financiamento público de actividades non económicas como instrumento axeitado para dar resposta ao obxectivo do interese común. É unha axuda dirixida a mellora do equipamento tecnolóxico e a actuacións de ampliación e reforma para a adaptación e acondicionamento de estruturas de investigación da UDC, organismo de investigación de natureza pública e sen ánimo de lucro.

TERCEIRA.- Obrigas

A CONSELLERÍA comprométese a financiar as actuacións recollidas na cláusula primeira, logo da acreditación do gasto de acordo coa normativa aplicable.

A UDC, por ter a consideración de sector público de acordo co artigo 3.1 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, está sometida en canto á contratación de obras e subministracións ao establecido na dita lei.

A UDC deberá presentar unha declaración responsable, para proceder á sinatura do convenio e despois para o seu pagamento, de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á seguridade social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública da comunidade autónoma.



CUARTA.- Fórmula de pagamento

A CONSELLERÍA efectuará o libramento dos fondos contra a presentación pola UDC dunha memoria na que se dea conta do destino da achega e dunha certificación expedida polo órgano de control correspondente na que se da toma de razón en contabilidade da achega. Especificarase o cumprimento da finalidade do presente convenio e que os fondos foron destinados a este fin, así como o detalle da realización dos pagamentos.

A data límite de presentación da referida documentación de xustificación do gasto establécese no día 20 de decembro de cada unha das dúas anualidades de vixencia do convenio.

Deberá presentarse unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo fin, das distintas administracións públicas.

Así mesmo, deberase presentar unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á seguridade social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración.

QUINTA.- Vixencia do convenio

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura, sen prexuízo de que poidan atender accións realizadas desde o 1 de xaneiro de 2016 e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2017.

Non obstante o establecido no apartado anterior, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por desistencia dalgunha ou por denuncia deste por incumprimento dalgunha delas, o que se comunicará fidedignamente, logo de audiencia desta e con, polo menos, un mes de antelación. En calquera destes casos procederase á revogación da axuda, así coma ao reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SEXTA.- Responsabilidade

A subscrición do presente convenio non supón relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os/as profesionais que vaian desenvolver as actividades e a CONSELLERÍA, de tal xeito que non se lle pode esixir responsabilidade ningunha, indirecta nin subsidiaria, polos actos ou feitos acontecidos no seu desenvolvemento.

A subvención estará sometida á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece a Lei 9/2007, do 13 de



xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, estarán sometidas ás actuacións de comprobación e previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

SÉTIMA.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos deste que poidan xurdir, créase unha comisión mixta constituída do seguinte modo:

- Tres membros da Secretaría Xeral de Universidades, dos que un/unha actuará como presidente/a.
- Tres membros da UDC.

A dita comisión actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio, promovendo, se o considera conveniente, outras actuacións que poidan enriquecer o seu desenvolvemento.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida serán resoltas pola CONSELLERÍA.

OITAVA.- Publicidade e transparencia

Segundo a disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a UDC consente expresamente para que a Administración autonómica inclúa e faga públicos, nos rexistros regulados neste decreto, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas.

A reserva que puidera facer a UDC no sentido de non autorizar a obtención dos datos ou a publicidade destes nos rexistros, que en todo caso terá que expresarse, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a axuda ou á revogación do acto de outorgamento.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e de acordo co indicado na actual redacción do artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a información correspondente ao presente convenio publicárase na Base de Datos Nacional de Subvencións. Ademais, o convenio incluírase nun rexistro de convenios público e accesible e referenciarase no Diario Oficial de



Galicia, todo iso de conformidade co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

As partes asinantes do presente convenio manifestan o seu consentimento ou autorizan para que os seus datos persoais que constan no convenio, e mailo resto das especificacións contidas no mesmo, podan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

NOVENA.- Natureza do convenio

De acordo co establecido no artigo 36 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, este convenio ten un interese público, xa que de conformidade co previsto nos artigos 53 e 54 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia (DOG núm. 125, do 3 de xullo) corresponde á Xunta de Galicia, a través da CONSELLERÍA, coordinar as universidades do SUG para acadar a mellora da docencia, a investigación, a extensión universitaria, a promoción, a adaptación ás demandas e necesidades da sociedade e a realización de estudos no ámbito da docencia, investigación, innovación, xestión, ...

No artigo 7 da dita Lei 6/2013, do 13 de xuño, indícase que as universidades públicas do SUG estrutúranse en campus universitarios concibidos como complexos organizativos territoriais e espazos de integración e convivencia. Por ese motivo cando a Xunta de Galicia fomenta o avance das universidades públicas cara a organización territorial, tendente a unha maior especialización, compatibilidade e calidade docente e investigadora no Campus Industrial, non é necesario promover a concorrência competitiva xa que o referido campus está integrado na UDC (segundo o establecido na disposición adicional primeira da referida Lei do sistema universitario de Galicia). Esta circunstancia, unido ao feito de que o CITEEC, o CICA, o ESCI - SAI e o CITIC sexan centros de transferencia tecnolóxica da UDC, xustifica a imposibilidade de conveniar con outras universidades para esta finalidade.

O presente convenio de colaboración ten a natureza dos previstos no artigo 4.1c) do texto refundido da Lei de contratos do sector público, rexéndose para os seus efectos pola normativa xeral en materia de contratos das administracións públicas e polo establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o seu regulamento, aprobado por Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

DÉCIMA.- Resolución de controversias

O presente convenio réxese en canto a súa interpretación e desenvolvemento polo ordenamento xurídico administrativo, con expresa submisión das partes á xurisdición contencioso-



administrativa, nos termos que se establecen no artigo 8.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Lido por todas as partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, asínano e rubricano por triplicado, no mesmo lugar e data que se indica ao comezo.

Pola Consellería de Cultura, Educación
e Ordenación Universitaria,



Román Rodríguez González.

VICERRECTOR DE POLÍTICA CIENTÍFICA,
Gremio da Universidade da Coruña,
INVESTIGACIÓN E TRANSFERENCIA


ASDO: SALVADOR NAYA FERNÁNDEZ

Julio E. Abalde Alonso

P.A.: RR 12/01/2016